

TEMA 10. A POESÍA DE FINS DO XX E COMEZOS DO XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias mais relevantes.

Coa morte de Franco en 1975 e a volta á democracia, iníciase un período de apertura lingüística e de auxe cultural en Galicia. A presenza da lingua e a literatura galegas no ensino e a oficialidade do noso idioma supoñen un impulso sen precedentes para a promoción da literatura en galego: multiplícanse as editoriais, os premios e revistas literarios e proliferan as obras literarias na nosa lingua.

A nivel poético, a mediados dos anos 70 comeza unha profunda renovación da poesía galega, motivada pola publicación de *Con pólvora e magnolias* (1976), de Méndez Ferrín. Esta obra supuxo a ruptura co socialrealismo das décadas anteriores e e ábrenlle paso a unha poesía máis culturalista, con temas novos e variados (o intimismo existencial, a preocupación metafísica, a mitoloxía cultural) que terá unha influencia determinante nos autores das últimas décadas do século XX.

Asistimos tamén nesta etapa ao nacemento dun fenómeno de gran transcendencia: **a poesía da muller**, xa que as autoras deixan de ter un papel secundario e elaboran conscientemente unha obra diferente, feminina e feminista, cuestionando os tópicos do erotismo, a liberdade...

A PROMOCIÓN DOS 80.

Esta denominación refírese aos autores que comezan a publicar a finais dos 70 e principios dos 80, rexeitando a estética socialrealista. De forma simplificadora, tendemos a agrupar esta diversidade de poetas segundo a súa vinculación a Vigo ou a A Coruña, principais centros de encontro poético do momento, ou a tres grandes tendencias: a culturalista, a experimental e rupturista, e a chamada poesía do cotián, sobre temas da vida persoal.

Algunhas características xerais da poesía desta década:

- Ruptura co socialrealismo de épocas anteriores.
- Maior preocupación formal. A poesía convértese na arte da linguaxe.
- Culturalismo e intertextualidade (emprego de referencias culturais variadas: literarias, filosóficas, mitolóxicas, musicais...).
- Experimentación coa combinación de poesía e outras artes (a música, a plástica...)
- Procura de novos suxeitos líricos (negación da perspectiva autobiográfica)
- Integración de elementos da cultura urbana e marxinal: drogas, depresións.
- Incorporación do erotismo de forma explícita

A maioría dos/das poetas agrúpanse en COLECTIVOS POÉTICOS para dárense a coñecer en recitais, publicaren os primeiros poemas ou obras conxuntamente e difundiren manifestos cos seus principios poéticos. Destacan os seguintes:

- **Grupo de Comunicación Poética Rompente** de Vigo. Practica unha poética rupturista e experimental achegada aos novos códigos da cultura urbana (rock, cómic, cine, música...). Danse a coñecer co libro colectivo *Silabario da turbina*. Un dos compoñentes **Antón Reixa**, artista polifacético que logo publicará *As ladillas do travesti* ou *Historias do Rock and Roll*.

- **Grupo Cravo Fondo** de Santiago, avoga polo lirismo e o rigor formal, sen esquecer o socialrealismo. Destacan López Valcárcel, Xesús Rábade ou **Ramiro Fonte**, autor logo dunha poesía confesional de gran profundidade e rigor formal: *As cidades da nada, Designium*.
- **Colectivo De amor e desamor** (A Coruña). Publicaron dous libros conxuntos con este mesmo título. Destacan polo lirismo e o rigoroso coidado da lingua. Salientan neste grupo: **Miguel Anxo Fernán-Vello**, cunha poética dominada pola presenza do amor, o desexo e o erotismo (*Memorial de brancura*), **Pilar Pallarés**, **Lois Pereiro** (En *Poesía de amor e enfermidade* constrúe unha poesía moderna, diferente aos discursos dominantes nos 80. Afronta con lucidez extrema a súa enfermidade, a dor e a morte inminente)

Malia á diversidade de voces desta xeración, comparten algúns **trazos comúns**:

Apertura temática: uns recuperan os temas eternos da poesía e optan polo intimismo e o existencialismo (o amor, o paso do tempo, a soidade...); outros, polos temas sociais, o mundo urbano e as novas formas da cultura de masas. Hainos que fusionan as dúas temáticas.

A preocupación pola forma: coidado exquisito da lingua e do estilo e uso dun léxico culto; uns practican o culturalismo e os metros clásicos; outros, máis vangardistas e rupturistas, o verso libre.

A PROMOCIÓN DOS 90.

Xorden unha multiplicidade de voces que aproveitan toda clase de medios para dárense a coñecer: novas coleccións poéticas, recitais colectivos poético-musicais, *performances*, internet..., a miúdo agrupados tamén en novos colectivos poéticos: Ronseltz ou o Batallón Literario da Costa da Morte.

Sintetizamos algunhas **características comúns**:

Temáticas: destacan os temas intimistas inspirados na vida cotiá e nas vivencias persoais. Tamén tratan os temas eternos e universais coma o amor ou a morte, pero fano dun xeito novidoso, desmitificándoos e incluso parodiándoos. Recuperan tamén a poesía “comprometida”, pero cuns temas (antimilitarismo, ecoloxismo, feminismo...) e unha sensibilidade moi diferentes ao socialrealismo clásico.

Formais. Empregan unha lingua máis directa e coloquial cá xeración anterior, sen caer no descoido formal; prefiren o verso libre e mesturan a poesía con outros xéneros e artes: poesía visual, *performance*, videocreación, nun afán de experimentar, de romper os límites do xénero poético.

Con todo, distínguense diferentes **tendencias**:

- **Discurso natural:** linguaxe emotiva e directa con rexistros da vida cotiá e da fala conversacional. Rafa Villar (*A sotavento dunha singradura, Illa dentro*).
- **Discurso libertario:** usan a poesía como unha forma de resistencia contra os estereotipos literarios e sociais. Destaca o Colectivo Ronseltz, Lupe Gómez e Yolanda Castaño: adolescencia, erotismo, denuncia do consumismo...
- **Discurso hermético:** escriben poemas de difícil comprensión debido ao extremo culturalismo. Destaca Chus Pato (*Urania, m-Talá*)

TENDENCIAS ACTUAIS DA LÍRICA. AS VOCES MÁIS NOVAS.

Nos últimos anos incorpóranse novas voces ao panorama poético. Coas debidas reservas, debido á falta de perspectiva histórica, pódense sinalar na poesía actual as seguintes **características**:

- A importancia da escritura feminina e feminista.
- Aposta pola poesía comprometida cos problemas do novo milenio, pero expresada dun xeito moi diferente ao vello socialrealismo.
- Experimentación, ruptura formal e temática: diálogo, mestura de artes...
- Novas canles de publicación e difusión: rede, blogs, revistas virtuais...

Entre as novas voces **salientan**: María do Cebreiro (*Nos, as inadaptadas*), Daniel Salgado (*Éxodo*), María Reimondez ...

TEMA 11. A PROSA DE FINS DO XX E COMEZOS DO XXI. TEMAS E AUTORES DOS 80 E 90. PROSISTAS E TENDENCIAS ACTUAIS MÁIS RELEVANTES.

Coa chegada da democracia danse unha serie de factores que **provocan un espectacular desenvolvemento da narrativa galega**, facéndoa medrar en calidade, cantidade e prestixio: a introdución da literatura no ensino aumentou o número de lectores, as traducións da narrativa universal e a consolidación da literatura infantil e xuvenil; a proliferación de premios e concursos (Blanco Amor, Xerais, Merlín...) motiva a creación literaria; as revistas e suplementos culturais realizan un importante labor divulgativo das obras e autores; os galardóns acadados polos nosos narradores a nivel estatal (premios Nacionais e da Crítica) prestixiaron a narrativa galega e facilitaron a súa internacionalización e tradución a outras linguas.

Así, nos últimos trinta anos, nunha Galicia máis moderna e urbana e con escritores universais en lingua galega, xorde unha narrativa de máis calidade e variada ca nunca, na que podemos salientar as seguintes **características xerais**:

- Amplíanse os subxéneros e os temas na procura de novos lectores: novela negra, de ciencia-ficción, de aventuras, de piratas, histórica, fantástica, erótica, de terror, ciencia-ficción...
- Prodúcese un espectacular desenvolvemento da narrativa infantil e xuvenil, favorecido pola introdución do galego no ensino
- Consólidase a narrativa das mulleres, que se incorporan plenamente ao panorama literario.

PRINCIPAIS XERACIÓN E TENDENCIAS.

1. Consolídanse coas súas obras de madurez os autores da Nova Narrativa Galega: Ferrín, Casares, M^a Xosé Queizán...

Destaca tamén **Xosé Fernández Ferreiro**, autor de obras de contido social ou sobre a Guerra Civil. Foi, ademais, pioneiro no cultivo dunha literatura de masas ou de consumo (xéneros populares para un público amplo) coa novela de vaqueiros *A morte de Frank González*, ou a novela urbana sobre un mito de masas *Corrupción e morte de Brigitte Bardot*.

2. A PROMOCIÓN DOS 80

A verdadeira eclosión narrativa producírase **xa avanzados os 80** cando os escritores nados nos 50 publican as súas primeiras obras. A presenza do galego no ensino favorecerá o auxe da novela, coa súa diversidade de temáticas, e a aparición con grande solidez da narrativa orientada ao público infantil e xuvenil.

A maior parte das novelas deste período xiran arredor dos certames literarios e atopamos un grupo de narradores e narradoras que se agrupan baixo a denominación “A promoción dos premios”. Insírense nela, por exemplo, **Víctor Freixanes**, gañador do Premio Blanco Amor

con *O triángulo escrito na circunferencia*; **Úrsula Heinze**, que o gaña con *Culpable de asasinato*, e **Xavier Alcalá**, gañador do Premio da Crítica Española pola obra *Fábula*.

É, ademais, neste momento cando se inicia o tratamento dalgúns subxéneros narrativos como a **novela negra**, a **novela feminista** ou a **narrativa experimental e urbana**. Isto contribuirá en boa medida a ampliar os límites do que se converterá nun xénero fundamental do noso sistema literario. **Carlos G. Reigosa** marca o inicio da novela negra galega con *Crime en Compostela*. **María Xosé Queizán** é unha das principais expoñentes da narrativa feminina e en *Amor de tango*, por exemplo, exhibe a interioridade dunha muller chamada Margot.

Aparece un **novo realismo**, centrado na problemática da identidade galega, mestura do rural e o urbano, onde destacan dous dos narradores máis recoñecidos e internacionais:

Suso de Toro. As primeiras obras, *Polaroid* e *Caixón desastre*, publicadas nos anos 80, son novelas experimentais, que abordan criticamente a cultura de masas e o mundo urbano, cun estilo rupturista e novidoso e un rexistro coloquial. (Nas obras dos 90 optará por unha formulación máis clásica na forma e nos temas para afondar nos conflitos humanos ou na recreación histórica: *Calzados Lola*, *Trece badaladas...* É tamén autor de abondosa literatura xuvenil)

Manuel Rivas Nos seus primeiros libros de relatos: *Un millón de vacas* ou *Os comedores de patacas*, trata as tensións entre a Galicia urbana e a rural, entre modernidade e tradición.

(Nas obras posteriores aos 80 céntrase na recuperación da memoria histórica, a guerra civil, a ditadura, o narcotráfico, etc: os relatos de *¿Que me queres amor?* (forneceu o guión para a película *A lingua das bolboretas*), *O lapis do carpinteiro* ou *Todo é silencio*, sobre o narcotráfico.

3. A PROMOCIÓN DOS 90 (os máis, nados nos anos 60) Na década dos 90 continúaase co desenvolvemento das liñas temáticas iniciados nas 80, pero tratadas agora dende un prisma renovador, e explóranse novos temas debido ao afán de diversificación xenérica.

Cabe destacar a irrupción da chamada **literatura bravú** (irreverente cos canons convencionais e asociada a unha nova e orgullosa identidade rural, representada por **S. Jaureguizar** ou **Fran Alonso**), a aparición da **literatura futurista**, da **narrativa fantástica** e da **novela de terror**, a aparición vigorosa dunha óptica narrativa feminina, que se apoia nunha importante nómina de autoras novas (Teresa Moure, Rosa Aneiros, María Reimóndez, Anxos Sumai...) e o auxe da novela de **temática histórica** (que se mantén na actualidade). Nos 90 abandónase o tratamento alegórico da historia máis recente e tómanse episodios do pasado como pretexto ou pano de fondo para narracións centradas en aspectos psicolóxicos ou existenciais.

Teresa Moure. Comeza a publicar no novo milenio. Autora, entre outras, de *Herba moura*, unha novela ambientada no século XVII e protagonizada polo filósofo Descartes, a raíña de Suecia e una meiga. Obra de fonda intencionalidade moral (rebelde, feminista, ecoloxista...) cun estilo riquísimo e unha complexa e novidosa estrutura.

Fran Alonso: *Cemiterio de elefantes*, *Males de cabeza*.

Domingo Villar, cunha literatura máis de masas sobre o subxénero policíaco, como as novelas *A Praia dos afogados* e *Ollos de auga*.

4. OS AUTORES E AUTORAS MÁIS NOVOS.

Continúan a publicar exitosamente autores das décadas anteriores, pero nos primeiros anos do século XXI conséntase a aparición dunha nova fornada de narradores/as. **Sechu Sende** introduce o tema do conflito lingüístico en *Made in Galiza* e **Diego Ameixeiras**, autor da novela experimental *Tres segundos de memoria*, e da policíaca, *Baixo Mínimos*).

Especial importancia ten nos últimos anos a potente eclosión da chamada “**literatura de muller**”, que ten como trazos comúns un marcado protagonismo feminino, a denuncia dos roles patriarcais e as relacións entre mulleres: **Rosa Aneiros** (*Resistencia*), **Inma Silva** (*Concubinas, Neve en abril*).

Consolidase tamén neste período unha **literatura infantil e xuvenil** de grande altura e resonancia interna e internacional, profusamente traducida e premiada alén as nosas fronteiras: cultiva os nosos lectores e prestixia as nosas letras. Destacan Xavier **Docampo**, Agustín **Fernández Paz** (*O centro do labirinto...*), **Fina Casalderrey** (*O misterio dos fillos de Lúa*), **Marilar Alexandre** (*A expedición do pacífico*)...

5. O ENSAIO

A partir dos anos oitenta produciuse unha efervescencia no cultivo do ensaio; posto que este xénero, que fomenta a reflexión, gozou a partir dese momento de maior liberdade para medrar. Así pois, a escrita ensaística deixou de ser cousa de estritas minorías e ampliou moito o seu abano temático.

A galeguización de moitos ámbitos universitarios e de investigación contribuíu á formación de especialistas que publican en galego as súas obras de todo tipo (historia, filosofía, ciencia, guías, libros de textos...). Como en todos os procesos de emerxer cultural, os ensaios máis abondosos son os que gardan relación cos sinais de identidade (historia, antropoloxía, lingua, cultura, identidade de xénero...) pero na actualidade xa existen reflexións ensaísticas en todos os campos, como demostran as obras premiadas en concursos específicos como o Premio Losada Diéguez.

TEMA 12. O TEATRO DE FINS DO XX E COMEZOS DO XXI.

Introdución

Despois do impulso dado nos 70 polas Mostras de Ribadavia e os grupos de teatro independente, coa chegada da democracia e a autonomía o teatro galego vivirá unha fase de consolidación a partir dos 80: aumentan a cantidade e a calidade das obras dramáticas, medra e espállase pola xeografía galega o número de representacións e vaise acadando a profesionalización do teatro.

Conflúen factores que provocan a mellor etapa histórica do teatro galego:

- Consolídanse **compañías profesionais** que veñen dos 70 e nacen outras: **Sarabela, Áncora Producións, Matarile, Ollomoltranvía, Teatro do Morcego, Chévere, Talía...**
- A mediados dos 80 a administración autonómica bota a andar o **Centro Dramático Galego**, que dará estabilidade ao teatro galego ao permitir a produción de espectáculos máis complexos e caros. Autonomamente ou en coprodución con outras compañías, representa os autores contemporáneos e clásicos, galegos ou estranxeiros (Castelao, Dieste, Cunqueiro, Blanco Amor...; Molière, Shakespeare...).
- Aparecen todo tipo de propostas teatrais: **contacontos**, espectáculos dirixidos ao público infantil, coma o **teatro de rúa** e de **monicreques**, con compañías exitosas como **Kukas, Cachirulo, Falcatrúa, Trompicallo...**
- Tamén contribúen á consolidación do teatro:
 - Aparición de **salas estables**: Luís Seoane na Coruña, a Sala Nasa ...
 - Creación de **circuitos teatrais**, como a Rede Galega de Teatros e Auditorios, que permiten espallar as representacións por toda Galicia.
 - Abundancia de festivais, certames e premios teatrais.
 - Aparición, por fin, de **centros de formación teatral**, como Casahamlet na Coruña ou a Escola Superior de Arte Dramática na Universidade de Vigo.

PROMOCIÓNS TEATRAIS.

Adoítamos dividir os novos autores en dúas promocións:

A PROMOCIÓN DOS 80.

Trátase dun conxunto de dramaturgos nados arredor dos 50, entre os que se poden incluír **Xesús Pisón** (*Venenos*), **Miguel Anxo Fernán Vello** (*Cuarteto para unha noite de verao*), **Inma A. Souto** (*Era nova e sabía a malvavisco*), **Roberto Salgueiro** (*Un arce no xardín*)...

Son autores que teñen pouca vinculación co mundo da representación, son creadores-escritores de textos teatrais mais non directores-actores.

Comparten as seguintes características:

- A importancia do individuo, do subxectivismo e do intimismo.
- A descuberta do mundo cotián e a defensa do espazo urbano.
- A incorporación do humor, o onírico, o irracional e o inconsciente.
- O culturalismo, a intertextualidade e a preocupación pola forma.
- A importancia do metateatro, é dicir, o teatro dentro do teatro.

Un dos autores máis prolíficos é **Xesús Pisón**:

- Nas súas primeiras obras domina a crítica social: *Pauto* é unha farsa esperpéntica sobre o poder da Igrexa; *Ei, Feldmülhe*, unha sátira sobre a desfeita ecolóxica de Galicia.
- Logo elabora pezas breves moi elaboradas formal e tecnicamente cun contido máis acedo e subxectivo sobre problemas das relacións humanas: *Venenos* ou *Teatrominuto*. Tamén fai teatro infantil: *Viva Peter Pan*.

2.2. A PROMOCIÓN DOS 90

Son persoas moi vinculadas ao mundo teatral, pois son actores, directores, creadores de textos e ata de compañías teatrais, polo que xa escriben pensando na representación e iso lévaos a empregar menos o simbolismo e a coidar a estrutura e a posta en escena.

As características que comparten son:

- Intención de facilitar a conversión dos textos literarios en textos escénicos.
- Maior preocupación pola dimensión formal.
- Exploración de novos subxéneros e estéticas.
- Vontade de xerar unha liña teatral propia e de manter a continuidade creativa
- Escribiren pezas para levar directamente a escena e, polo tanto, menos experimentais e cunha estrutura sinxela.

Da abondosa nómina de dramaturgos desta promoción podemos salientar a:

Cándido Pazó (autor, director, actor, contacontos, guionista de TV...). Elabora tramas realistas caracterizadas pola mestura de rexistros lingüísticos cultos e coloquiais, e pola procura da interacción co público.

Salientan as comedias humorísticas con certo contido crítico: *Ñiquiñaque* ou *Binomio de Newton*.

Noutras pezas recorre ao tema histórico para se recrear na psicoloxía dos personaxes, como en *Raiñas de pedra* ou en *García*.

Gustavo Pernas, outro autor dedicado integralmente ao teatro, aborda a problemática do home contemporáneo (soidade, incomunicación, deshumanización...) con técnicas innovadoras basadas en estruturas simples, implicación do público e diálogos humorísticos: *O galego, a mulata e o negro*; *Footing*.

A tamén actriz **Inma López Souto** aborda os problemas sociais actuais (a ética na ciencia, a sida, a guerra...): *A ciencia dos anxos* ou *Músculo de sal*.

Raúl Dans incide sobre os problemas humanos actuais, o mundo urbano e o rural, a marxinalidade...: *Water-look* ou *Matalobos*.